



*sindicato nacional
de ccoo de galicia*

DOCUMENTOS

AS REPERCUSIÓNS DA CRISE ECONÓMICA NO MERCADO LABORAL FEMININO

**secretaría da muller e políticas de igualdade
gabinete económico do s. n. de cc oo de galicia**

n.º 130 / marzo de 2010

© Documento do Gabinete Económico do S.N. de CCOO de Galicia

N.º 130/ Marzo de 2010

Elaboración:

Silvia Parga Rodríguez



ÍNDICE

1. Introducción	5
2. Evolución da actividade	5
3. Evolución do emprego	9
4. Evolución do paro	20

1. INTRODUCCIÓN

Neste informe analizamos o impacto da crise económica no mercado laboral feminino, estudando as súas variables básicas: a actividade, o emprego e as súas características e o desemprego.

Utilizamos os datos da enquisa de poboación activa (EPA) e centramos o estudo na fase da crise, elixindo como punto de partida o terceiro trimestre de 2008 porque é a partir deste momento cando se comeza a destruír emprego en Galicia.

Todos os cadros con datos estatísticos recollidos neste informe achegan información do ano 2005 ao 2009 en medias anuais. Despois, analizamos trimestre a trimestre os datos desde o terceiro trimestre de 2008 ata o cuarto trimestre de 2009, co fin de ver de xeito máis concreto o impacto da crise económica no emprego feminino.

2. EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE

Analizamos en primeiro lugar a poboación activa, que é «o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. Comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia cumpren as condicións para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas».

Cadro n.º 1. POBOACIÓN ACTIVA SEGUNDO O SEXO

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2005	548.200	706.600	1.254.800
2006	567.900	704.200	1.272.100
2007	572.500	719.500	1.292.000
2008	588.400	726.400	1.314.800
2009	604.800	712.500	1.317.400

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2008 III T.	598.500	728.400	1.326.900
2008 IV T.	601.600	722.400	1.324.100
2009 I T.	611.500	719.600	1.331.100
2009 II T.	608.200	709.500	1.317.700
2009 III T.	600.500	712.700	1.313.300
2009 IV T.	599.000	708.200	1.307.300

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

A poboación activa galega medra nun 5% **entre os anos 2005 e 2008**, cunha repartición desigual entre mulleres e homes. Así, a poboación activa feminina aumenta nun 7% ata situar en 588.400 o número de mulleres activas. Pola contra, a poboación activa masculina medra nun 3%, o que implica un volume de 726.400 homes activos.

Incluso **no ano 2009**, cando se está a destruír emprego en Galicia, a poboación activa feminina medra nun 3%, mentres que a masculina retrocede nun 2%.

Como veremos máis abaixo, o ritmo de incorporación de mulleres galegas á actividade laboral increméntase durante a crise impulsado, sobre todo, polo aumento da actividade nas ramas dos servizos máis «feminizadas» e pola necesidade de apoiar unha economía familiar deteriorada pola caída do emprego masculino.

A poboación activa feminina medra ata o primeiro trimestre de 2009, acadándose a cifra máis elevada de mulleres activas, 611.500. A partir do dito trimestre comeza a descender ante a falta de expectativas de atopar un emprego. Así pois, no cuarto trimestre de 2009 baixa o número de mulleres activas, rexistrándose 2.600 menos que no mesmo trimestre do ano 2008.

O peso da poboación activa feminina no total aumenta preto dun punto porcentual nos últimos quince meses: as mulleres representaban ao pé do 45% na fase inicial da crise e no cuarto trimestre de 2009 aproxímanse ao 46%, porcentaxe que se sitúa por baixo do seu peso no conxunto da poboación e, tamén, do peso no conxunto de persoas en idade legal de traballar.

A seguir analizamos a evolución da poboación activa feminina con outro indicador, a taxa de actividade (que é o cociente entre a poboación activa e a poboación en idade legal de traballar). Os datos recóllense no cadro 2.

Cadro n.º 2. TAXA DE ACTIVIDADE SEGUNDO O SEXO

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2005	44,3%	62,6%	53,0%
2006	45,8%	62,2%	53,6%
2007	46,0%	63,3%	54,3%
2008	47,2%	63,7%	55,1%
2009	48,5%	62,5%	55,2%
2008 III T.	48,0%	63,8%	55,6%
2008 IV T.	48,2%	63,3%	55,4%
2009 I T.	49,0%	63,1%	55,8%
2009 II T.	48,8%	62,2%	55,2%
2009 III T.	48,2%	62,5%	55,1%
2009 IV T.	48,1%	62,1%	54,8%

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

Ao analizarmos as taxas de actividade en función do sexo comprobamos, en primeiro lugar, que as taxas de actividade masculinas son superiores ás femininas.

En segundo lugar, observamos que o diferencial entre as taxas feminina e masculina se reduciu en dous puntos na fase recesiva: no terceiro trimestre de 2008 a diferenza situábase ao redor dos 16 puntos e no último trimestre de 2009 era de 14 puntos.

A taxa de actividade feminina acada o seu valor máximo no primeiro trimestre de 2009 cunha porcentaxe do 49% e, dende entón, cae en 0,9 puntos ata situarse no 48,1% no cuarto trimestre de 2009.

Por último, e para completar a análise da poboación activa feminina, imos estudar a evolución das taxas de actividade feminina en función da idade.

CADRO N.º 3. TAXA DE ACTIVIDADE FEMININA SEGUNDO A IDADE

	16 A 19	20 A 24	25 A 54	55 E MÁIS	TOTAL
2005	16,3%	58,6%	70,4%	13,3%	44,3%
2006	12,8%	55,2%	74,2%	13,3%	45,8%
2007	15,3%	50,0%	75,7%	12,5%	46,0%
2008	15,2%	53,2%	76,7%	13,6%	47,2%
2009	12,2%	57,1%	78,1%	15,1%	48,5%
2008 III T	21,0%	62,4%	76,8%	13,5%	48,0%
2008 IV T.	15,3%	52,1%	78,4%	14,3%	48,2%
2009 I T.	11,1%	57,9%	79,0%	15,2%	49,1%
2009 II T.	13,2%	52,8%	79,0%	15,2%	48,8%
2009 III T.	16,1%	60,8%	76,7%	15,2%	48,2%
2009 IV T	8,6%	56,9%	77,7%	14,9%	48,1%

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

Do cadro 3 despréndese que as taxas de actividade femininas máis altas se rexistran nas mulleres que teñen entre 20 e 54 anos, especialmente no tramo de entre 25 e 54 anos. Pola contra, as taxas máis baixas danse nos grupos de idades extremos: entre 55 e máis anos (debido a que as mulleres abandonan o mercado laboral, fundamentalmente para atenderen ás responsabilidades familiares e polo atraso histórico na incorporación da muller ao traballo fóra do fogar) e entre os 16 e 19 anos (pola prolongación da etapa formativa).

Os datos do cadro 3 reflicten que no ano 2009, a taxa de poboación activa feminina aumentou en todos os tramos de idade estudados, agás no de entre 16 e 19 anos que se reduciu en 3 puntos porcentuais con respecto ao ano precedente.

A taxa de actividade no tramo de entre 25 e 54 anos —que concentra a maioría das mulleres activas— acada a cifra máis alta na primeira metade de 2009 pero logo cae ata se situar no 77,7% no cuarto trimestre de 2009. No tramo de entre 20 e 24 anos presenta oscilacións ao longo dos últimos quince meses pero remata o cuarto trimestre de 2009 cun balance positivo ao aumentar en 4,8 puntos porcentuais con respecto ao mesmo período do ano anterior. Pola contra, a taxa de actividade no tramo de 55 e máis anos mantívose practicamente estable ao longo do último ano e continuou medrando con respecto ao ano anterior.

Á vista dos datos podemos concluir que a crise non está tendo unha repercusión relevante na poboación activa feminina. As mulleres mantéñense no mercado laboral, ben con emprego, ben como demandantes de emprego.

3. EVOLUCIÓN DO EMPREGO

A segunda variable de estudo é a poboación ocupada, que se define como «aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia estiveron traballando polo menos unha hora, a cambio dunha retribución (salario, xornal, beneficio empresarial, etcétera) en diñeiro ou en especie. Tamén son ocupadas as persoas que, tendo traballo, estiveron temporalmente ausentes por enfermidade, vacacións, etc. pero mantendo un forte vínculo con aquel».

Cadro n.º 4. POBOACIÓN OCUPADA SEGUNDO O SEXO (DATOS ABSOLUTOS)

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2005	474.200	655.900	1.130.100
2006	502.900	661.400	1.164.200
2007	515.100	678.300	1.193.400
2008	527.400	672.700	1.200.100
2009	522.700	628.700	1.151.500
2008 III T.	537.000	677.500	1.214.500
2008 IV T.	536.000	659.100	1.195.100
2009 I T.	530.800	637.700	1.168.500
2009 II T.	524.900	622.500	1.147.400
2009 III T.	520.500	630.600	1.151.100
2009 IV T.	514.700	624.100	1.138.900

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

O volume total de emprego comeza a verse afectado pola crise na segunda metade de 2008. De feito, no terceiro trimestre estancouse e no cuarto xa comezou a destruírse.

Os datos do cadro 4 amosan que a poboación ocupada galega medrou de xeito continuado **entre os anos 2005 e 2008**. Nese período, o maior incremento corresponde ao emprego feminino, que medra un 11% fronte a só un 3% do emprego masculino.

É dicir, 53.200 dos 70.000 empregos creados entre 2005 e 2008 foron para mulleres; dito doutro xeito, un 76% do emprego neto creado foi feminino.

No ano 2009 destruíuse o 69% do emprego creado durante a fase expansiva. Dos 48.600 empregos perdidos, 4.700 eran femininos.

Dende o terceiro trimestre de 2008, o número de mulleres ocupadas caeu en 22.300, un 4%, mentres que os homes con emprego retrocederon o 8% cunha perda de 53.400 empregos. Porén, nos últimos trimestres a destrución de emprego está afectando as mulleres a un ritmo crecente; de feito, no cuarto trimestre de 2009 rexístranse 21.300 empregos femininos menos que no mesmo período do ano anterior.

Á vista dos datos, podemos concluír que o emprego feminino medrou máis que o masculino na fase expansiva, resistiu mellor na fase inicial da crise pero nos últimos trimestres este diferencial positivo estase acurtando. Como veremos máis adiante, a destrución do emprego afectou máis aos homes que ás mulleres, debido á diferente incidencia da crise nas distintas ramas de actividade.

Cadro n.º 5. POBOACIÓN OCUPADA SEGUNDO O SEXO (DATOS PORCENTUAIS)

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2005	42%	58%	100%
2006	43%	57%	100%
2007	43%	57%	100%
2008	44%	56%	100%
2009	45%	55%	100%
2008 III T.	44%	56%	100%
2008 IV T.	45%	55%	100%
2009 I T.	45%	55%	100%
2009 II T.	46%	54%	100%
2009 III T.	45%	55%	100%
2009 IV T.	45%	55%	100%

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

Segundo se recolle no cadro 5, o peso do emprego feminino sobre o total incrementouse un punto porcentual **nos últimos quince meses**. As mulleres representaban no terceiro trimestre de 2008 o 44% da poboación ocupada e no último trimestre de 2009 eran o 45%. Destaca, tamén, que no

segundo trimestre de 2009 se acadou o valor máximo de participación, o 46%, motivado pola destrución de emprego masculino.

A seguir, analizamos a evolución do emprego feminino nos distintos sectores de actividade. No cadro 6 plásmase a variación nos catro grandes sectores de actividade.

Cadro n.º 6. EMPREGO FEMININO SEGUNDO O SECTOR

	PRIMARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
2005	53.200	65.000	6.700	349.300	474.200
2006	50.200	61.800	9.200	381.700	502.900
2007	42.900	62.800	11.300	397.900	515.100
2008	37.200	62.500	10.500	417.200	527.400
2009	37.400	52.800	8.800	423.600	522.700
2008 III T.	36.900	64.600	11.100	424.400	537.000
2008 IV T.	34.100	59.200	8.300	434.400	536.000
2009 I T.	36.000	58.200	8.600	428.000	530.800
2009 II T.	37.100	54.700	8.700	424.500	524.900
2009 III T.	38.400	48.900	9.100	424.000	520.500
2009 IV T.	38.100	49.700	9.000	417.900	514.700

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

No período previo á crise, á dinámica do emprego feminino nos catro sectores de actividade era moi diferente. O sector dos servizos é o primeiro por volume de emprego feminino, e evoluciona en sentido positivo entre 2005 e 2008 cunha medra do emprego do 19%. Un 76% dos 90.000 empregos creados neste sector foron ocupados por mulleres. No sector da construción tamén medra de maneira considerable o emprego feminino, alcanzándose o volume máximo de ocupación no ano 2007 con 11.300 mulleres ocupadas.

Pola contra, a evolución do sector industrial é negativa, ao diminuír o emprego un 4% (o que non impide que siga sendo o segundo sector en importancia no emprego das mulleres); o mesmo acontece no sector primario no que se mantén o proceso de axuste secular.

Nos últimos quince meses, perdeuse emprego feminino en todos os sectores de actividade agás no primario.

O sector máis afectado pola destrución do emprego é o industrial, cunha perda de 14.900 empregos femininos, o 23% dos existentes no terceiro trimestre de 2008. O volume mínimo de emprego acadouse no terceiro trimestre de 2009 con 48.900 mulleres ocupadas, a cifra máis baixa dende o ano 2000.

A poboación ocupada feminina no sector da construción tamén segue unha liña desfavorable, ao diminuír nun 19% no período sinalado. O emprego feminino no sector da construción acada o seu volume mínimo de ocupación no cuarto trimestre de 2008 con 8.300 mulleres ocupadas; de aí en diante, rexistra unha leve recuperación ata o terceiro trimestre de 2009.

O sector dos servizos é o que está sufrindo menos o impacto da crise; aínda así, na segunda metade de 2009 tamén se comeza a perder emprego feminino. De feito, no cuarto trimestre de 2009 intensificouse o ritmo anual de caída da poboación ocupada feminina, rexistrándose 16.500 ocupadas menos que no mesmo trimestre de 2008.

Os datos do cadro 7 amosan a estrutura porcentual do emprego feminino segundo o sector.

Cadro n.º 7. EMPREGO FEMININO SEGUNDO O SECTOR. ESTRUCTURA PORCENTUAL

	PRIMARIO	INDUSTRIA	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS	TOTAL
2005	11%	14%	1%	74%	100%
2006	10%	12%	2%	76%	100%
2007	8%	12%	2%	77%	100%
2008	7%	12%	2%	79%	100%
2009	7%	10%	2%	81%	100%
2008 III T.	7%	12%	2%	79%	100%
2008 IV T.	6%	11%	2%	81%	100%
2009 I T.	7%	11%	2%	81%	100%
2009 II T.	7%	10%	2%	81%	100%
2009 III T.	7%	9%	2%	81%	100%
2009 IV T.	7%	10%	2%	81%	100%

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

Os datos do cadro 7 permítenos tirar dúas conclusións: a primeira, que as mulleres ocupadas se concentran maioritariamente no sector dos servizos, e a segunda, que o sector dos servizos é o único que gaña peso porcentual

no emprego feminino entre o terceiro trimestre de 2008 e o cuarto trimestre de 2009.

A distribución do emprego feminino difire da masculina: o peso relativo do emprego feminino nos servizos (onde se concentra o emprego) é superior ao masculino, mentres que na industria e na construción sucede o contrario.

Diciamos ao principio deste apartado que o emprego feminino medrou nun 11% entre 2005 e 2008. Atendendo á súa evolución por ocupacións, nas que máis medra é nas de carácter técnico e profesional de apoio, e nas de dirección das empresas e das Administracións públicas (nun 31%, en ambas), nas de empregos non cualificados (nun 22%), nas de carácter técnico e profesional científico e intelectual (nun 17%) e nas ocupacións relacionadas cos servizos de restauración, persoais, protección e vendas dos comercios (14%). Pola contra, o emprego descende nas ocupacións cualificadas da agricultura e da pesca (31%) e nas que teñen unha maior presenza masculina, é dicir, en empregos cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minería (nun 6%), e na ocupación de instalacións e maquinaria, e montaxe (nun 1%).

Cadro n.º 8. EMPREGO FEMININO POR OCUPACIÓN

	1	2	3	4	5	6	7	8	9
2005	32.800	69.000	46.200	58.700	106.200	48.400	23.300	22.200	67.400
2006	37.100	75.200	55.100	59.100	116.300	45.300	21.600	22.200	71.000
2007	38.400	79.500	59.500	64.900	118.600	37.900	18.300	24.200	73.800
2008	43.000	81.000	60.400	62.100	121.500	33.200	22.000	22.000	82.000
2009	43.800	80.800	69.600	60.400	119.500	32.500	18.100	17.900	80.400
2008 III T.	42.800	82.100	58.900	61.300	120.600	32.900	25.500	22.400	90.300
2008 IV T.	45.900	81.700	63.100	66.400	120.600	30.200	21.400	21.100	85.700
2009 I T.	42.400	81.000	68.500	59.300	118.700	33.000	21.800	19.600	86.500
2009 II T.	45.300	83.100	68.100	60.100	116.500	33.200	18.700	18.800	81.100
2009 III T.	44.600	80.000	70.900	63.300	120.300	31.500	15.900	17.300	76.800
2009 IV T.	42.800	78.900	71.000	58.700	122.300	32.200	16.000	15.700	77.300

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

- | | |
|---|---|
| 1. Dirección das empresas e das Administracións públicas | 6. Persoas traballadoras cualificadas na agricultura e na pesca |
| 2. Persoal técnico e profesional científico e intelectual | 7. Artesáns e persoal traballador cualificado das industrias manufactureiras, a construción e a minería |
| 3. Persoal técnico e profesional de apoio | 8. Persoas traballadoras de instalacións e maquinaria, e montaxe |
| 4. Persoal en emprego de tipo administrativo | 9. Persoas traballadoras non cualificadas e Forzas Armadas |
| 5. Persoas traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendas dos comercios | |

Porén, os datos do cuarto trimestre de 2009 indican que nos últimos doce meses só aumentou o emprego feminino nas ocupacións relacionadas cos servizos de restauración, persoais, protección e vendas dos comercios (medra nun 1%), nas cualificadas da agricultura e da pesca (nun 7%) e nas de carácter técnico e profesional de apoio (nun 13%). Onde máis cae o emprego feminino é nas ocupacións cualificadas das industrias manufacturais, a construción e a minería, e nas de instalacións e maquinaria e montaxe (descenden nun 25% e 26%, respectivamente), nas de tipo administrativo (nun 12%) e nas de empregos non cualificados (nun 10%) e nas relacionadas coa dirección de empresas e das Administración públicas (nun 7%).

Para completar as características do emprego feminino, debemos afondar agora na situación profesional das ocupadas. No cadro 9 recóllese a distribución do emprego segundo a situación profesional.

Cadro n.º 9. EMPREGO FEMININO POR SITUACIÓN PROFESIONAL

	EMPREGO ASALARIADO	EMPRESARIADO/ COOPERATIVISMO	AXUDAS FAMILIARES E OUTRAS SITUACIÓNS	TOTAL
2005	354.200	97.700	22.300	474.200
2006	384.900	103.700	14.200	502.900
2007	401.000	101.700	12.400	515.100
2008	413.700	103.700	10.000	527.400
2009	417.700	98.600	6.400	522.700
2008 III T.	423.300	104.000	9.600	537.000
2008 IV T.	424.000	103.400	8.600	536.000
2009 I T.	422.400	100.200	8.200	530.800
2009 II T.	418.600	100.800	5.500	524.900
2009 III T.	417.900	96.300	6.300	520.500
2009 IV T.	411.900	97.000	5.800	514.700

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

O emprego galego é maioritariamente asalariado, pois 8 de cada 10 persoas ocupadas están nesta situación profesional. Este significativo número de asalariados (898.800 en 2009) responde ao maior peso das actividades produtivas ligadas ao traballo asalariado, como os empregos administrativos, a industria, os servizos ás persoas ou a construción no conxunto da ocupación galega.

O emprego feminino medra entre 2005 e 2008 nas categorías de asalariadas e de empresarias con ou sen persoal asalariado, e diminúe nas de axudas familiares (mulleres que traballan na empresa dun familiar co que conviven e non teñen unha remuneración regulada) e outras situacións. O emprego asalariado feminino experimenta unha medra moi superior á do conxunto do emprego feminino, ao se situar no 17%, acadándose unha cifra de case 414.000 mulleres asalariadas.

O avance do emprego feminino tradúcese nunha medra da taxa de salarización (porcentaxe de mulleres asalariadas sobre o total de ocupadas): 75% en 2005 e 78% en 2008.

O emprego asalariado feminino mantivo taxas de crecemento anuais positivas ata o segundo trimestre de 2009, o que explica que nese ano, en media, haxa máis mulleres asalariadas que no ano precedente. Non obstante, na segunda metade de 2009 comezouse a destruír emprego asalariado, rexistrándose 17.500 mulleres asalariadas menos que no mesmo período do ano anterior. A taxa de salarización aumenta nun punto porcentual dende o terceiro trimestre de 2008 e sitúase no 80%.

A evolución da poboación ocupada feminina nas restantes categorías segue unha tendencia negativa no período de crise, especialmente a de empresarias con ou sen persoal asalariado, que acada o seu volume mínimo de ocupación no terceiro trimestre de 2009 con 96.300 ocupadas.

Para completarmos os trazos do emprego feminino galego, queda por coñecer o tipo de xornada e a modalidade de contrato. Comezaremos pola evolución do emprego segundo a xornada, seguindo o cadro 10.

Cadro n.º 10. EMPREGO SEGUNDO A XORNADA E O SEXO

	MULLERES		HOMES		AMBOS	
	PARCIAL	COMPLETA	PARCIAL	COMPLETA	PARCIAL	COMPLETA
2005	101.200	372.900	32.300	623.600	133.500	996.500
2006	97.900	405.000	28.900	632.400	126.800	1.037.400
2007	90.100	424.900	26.600	651.800	116.600	1.076.700
2008	101.700	425.700	29.800	643.000	131.500	1.068.600
2009	101.000	421.700	26.700	602.100	127.700	1.023.800
2008 III T	100.500	436.400	29.500	648.000	130.100	1.084.400
2008 IV T	105.100	430.800	25.400	633.700	130.600	1.064.500
2009 I T	103.500	427.300	24.900	612.800	128.400	1.040.100

	MULLERES		HOMES		AMBOS	
	PARCIAL	COMPLETA	PARCIAL	COMPLETA	PARCIAL	COMPLETA
2009 II T	107.700	417.200	23.500	598.900	131.200	1.016.200
2009 III T	96.900	423.600	28.700	601.900	125.600	1.025.500
2009 IV T	96.000	418.700	29.600	594.600	125.600	1.013.300

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

O emprego galego é a xornada completa; reflícteo o dato de que só once de cada cen persoas ocupadas teñen xornada parcial. A maior parte dos homes e mulleres galegos traballan a xornada completa, o 81% das mulleres ao 96% dos homes. Teñen contrato a tempo parcial un 19% de mulleres fronte a un 4% de homes. Esta tendencia está incrementándose sempre.

Dende o ano 2005 ata o ano 2007, o emprego a tempo parcial experimentou unha caída continuada, aínda que maior nos homes que nas mulleres, xa que diminúe nun 18% e nun 11% respectivamente. Pola contra, o emprego a xornada completa medra máis nas mulleres (14%) que nos homes (5%).

Non obstante, **no ano 2008** o emprego a tempo parcial aumentou un 13% con respecto ao ano anterior, mentres que o emprego a tempo completo se reduciu lixeiramente.

A ocupación feminina presenta unha evolución similar á do conxunto do emprego: o emprego feminino a tempo parcial aumenta nun 13%, mentres que a tempo completo só o fai nun 0,2%. É dicir, o 94% do emprego neto creado entre mulleres foi a tempo parcial.

Nos últimos quince meses, o tempo da crise, o emprego a tempo completo cae máis entre os homes que entre as mulleres, ao retroceder nun 8% e nun 4%, respectivamente. Pola contra, o emprego feminino a tempo parcial descende nun 4%, mentres que o masculino se incrementa lixeiramente. Dos 22.300 empregos femininos perdidos, 4.500 foron a tempo parcial e 17.700 a tempo completo.

O peso das mulleres no emprego a xornada parcial diminúe na etapa receptiva: representaban o 77% da poboación ocupada a xornada parcial no terceiro trimestre de 2008 e no último trimestre de 2009 eran o 76%, catro puntos porcentuais menos que no mesmo trimestre de 2008.

Por último, e para completar a análise das características do emprego feminino, estudaremos a distribución do emprego asalariado, diferenciando entre sector privado e sector público, e en función do tipo de contrato e do sexo.

Cadro n.º 11. EMPREGO ASALARIADO NO SECTOR PRIVADO

	MULLERES		HOMES		AMBOS	
	INDEFINIDO	TEMPORAL	INDEFINIDO	TEMPORAL	INDEFINIDO	TEMPORAL
2005	158.500	100.500	253.800	145.300	412.300	245.800
2006	167.300	115.900	274.200	144.800	441.400	260.700
2007	199.000	99.600	290.300	141.800	489.300	241.400
2008	205.700	101.100	292.800	128.000	498.500	229.200
2009	225.200	87.700	294.100	100.400	519.300	188.100
2008 III T.	211.400	105.100	289.000	130.900	500.300	236.000
2008 IV T.	220.700	101.300	293.200	123.600	513.900	224.900
2009 I T.	228.000	93.100	287.700	107.900	515.700	201.000
2009 II T.	228.900	85.700	292.800	95.600	521.600	181.400
2009 III T.	220.500	88.500	296.300	102.900	516.800	191.400
2009 IV T.	223.500	83.500	299.400	95.100	522.900	178.600

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

O cadro 11 permítenos analizar a evolución do emprego polo tipo de contrato e o sexo no sector privado. A primeira conclusión que tiramos é que o emprego asalariado con contrato indefinido no sector privado mantivo unha tendencia ascendente antes e durante a crise. **Entre 2005 e 2008**, o número de persoas asalariadas con contrato indefinido aumentou en máis de 86.000 persoas, mentres que o emprego temporal se reduciu en case 17.000 persoas.

Nese período, o emprego feminino indefinido medrou un 30% e o temporal só o fixo un 1%. Dito doutro xeito, 47.200 dos 47.800 empregos femininos creados no sector privado foron indefinidos.

Dende o terceiro trimestre de 2008, o emprego asalariado no sector privado reduciuse en 34.800 persoas, seguindo unha distribución desigual entre o emprego indefinido e o temporal. Así, o emprego indefinido aumenta nun 5% ata situarse en 522.900 persoas, e o temporal descende nun 24%, ata alcanzar as 178.600 persoas.

O axuste do emprego feminino no sector privado tamén se concentra nas asalariadas con contrato temporal. Así pois, **nos últimos quince meses**, o número de mulleres asalariadas con contrato temporal caeu en 21.600, un 21 %, e o número de mulleres con contrato indefinido aumenta en 12.100, o que supón un incremento do 6 %.

Ao longo de 2009 intensificouse o ritmo anual de destrución do emprego asalariado feminino con contrato temporal e foise atenuando o crecemento do emprego indefinido. No cuarto trimestre de 2009 había 17.800 asalariadas con contrato temporal menos que no mesmo trimestre de 2008 e, pola contra, as asalariadas con contrato indefinido aumentaban en 2.800.

No cadro 12 plásmase a evolución do emprego segundo o tipo de contrato e o sexo no sector público.

Cadro n.º 12. EMPREGO ASALARIADO NO SECTOR PÚBLICO

	MULLERES		HOMES		AMBOS	
	INDEFINIDO	TEMPORAL	INDEFINIDO	TEMPORAL	INDEFINIDO	TEMPORAL
2005	65.300	29.900	69.800	17.700	135.100	47.600
2006	68.800	32.900	70.000	16.900	138.800	49.800
2007	72.100	30.200	71.500	17.500	143.600	47.700
2008	71.500	35.400	70.100	18.300	141.600	53.700
2009	70.600	34.200	68.600	18.000	139.200	52.200
2008 III T.	69.500	37.300	68.800	23.000	138.300	60.200
2008 IV T.	69.300	32.700	66.400	18.900	135.700	51.600
2009 I T.	70.700	30.500	70.800	17.200	141.500	47.700
2009 II T.	68.000	36.000	69.000	16.600	137.000	52.700
2009 III T.	71.700	37.100	67.500	19.500	139.200	56.600
2009 IV T.	71.900	33.000	67.100	18.800	138.900	51.800

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

Entre os anos 2005 e 2008, o emprego asalariado indefinido no sector público aumenta un 5 % (o feminino medra un 9 %) mentres que o temporal se dispara nun 13 % (18 % no caso das mulleres).

Mención á parte merece o ano 2008 porque foi cando se acadou a máxima cifra de mulleres asalariadas (case 107.000). Nese ano, o emprego feminino temporal aumentou un 17 % e o indefinido baixou un 1 %, o que implica que o emprego neto creado foi temporal.

O emprego asalariado feminino evoluciona en negativo na fase inicial da crise, sobre todo na primeira metade de 2009, pero nos dous últimos trimestres experimenta unha lixeira recuperación. Na primeira metade de 2009 o emprego feminino indefinido descendeu nun 6% e o temporal fixo nun 7% con respecto ao mesmo período do ano precedente.

Dende o terceiro trimestre de 2008, o número de mulleres asalariadas cun contrato indefinido aumentou en 2.400 e o das asalariadas con contrato temporal baixou en 4.300. Se a comparación a realizamos entre o cuarto trimestre de 2008 e o mesmo trimestre de 2009 —que é unha medida máis correcta ao evitar os problemas de estacionalidade nas comparacións—, comprobamos que o emprego feminino indefinido se incrementou en 2.600 persoas e o temporal aumentou en só 300 persoas.

A seguir, recollemos no cadro 13 a evolución da taxa de temporalidade por sexo e para os sectores público e privado.

Cadro n.º 13. EVOLUCIÓN DA TAXA DE TEMPORALIDADE

	SECTOR PRIVADO		SECTOR PÚBLICO		TOTAL	
	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES	HOMES
2005	39%	36%	31%	20%	37%	33%
2006	41%	35%	32%	19%	39%	32%
2007	33%	33%	30%	20%	32%	31%
2008	33%	30%	33%	21%	33%	29%
2009	28%	25%	33%	21%	29%	25%
2008 III T	33%	31%	35%	25%	34%	30%
2008 IV T	31%	30%	32%	22%	32%	28%
2009 I T	29%	27%	30%	20%	29%	26%
2009 II T	27%	25%	35%	19%	29%	24%
2009 III T	29%	26%	34%	22%	30%	25%
2009 IV T	27%	24%	31%	22%	28%	24%

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

A taxa de temporalidade no sector privado redúcese considerablemente, tanto no período expansivo 2005-2008 como na etapa recesiva.

Entre os anos 2005 e 2008 redúcese en seis puntos tanto para homes como para mulleres, o que implica que a diferenza entre ambos os sexos se mantén en 3 puntos.

No cuarto trimestre de 2009, a taxa de temporalidade das mulleres foi do 27% e a dos homes do 24% (as máis baixas da serie). Dende o terceiro trimestre de 2008, a taxa feminina caeu en 6 puntos e a masculina en 7, o que supón que a diferenza entre ambas pasa de 2 a 3 puntos no dito período.

No sector público, a taxa de temporalidade aumenta un punto entre 2005 e 2008, o que non se traslada por igual aos dous sexos: a taxa masculina medra un punto e a feminina dous. O resultado é que a diferenza entre ambas pasa de 11 puntos en 2005 a 12 en 2008.

Durante o ano 2009, tomando valores medios, as taxas feminina e masculina mantivéronse nun 33% e 21%, respectivamente. No dito ano, a taxa de temporalidade das mulleres no sector público superou en 5 puntos a do sector privado.

Dende o terceiro trimestre de 2008, a taxa feminina descendeu en 4 puntos e a masculina en 3. O diferencial entre ambas as taxas pasa de 10 a 9 puntos.

Podemos concluír, polo tanto, que as mulleres soportan unha maior eventualidade no emprego que os homes, tanto no sector privado coma no público.

4. EVOLUCIÓN DO PARO

A última variable de estudo é a poboación parada, que se define como «aquelas persoas de 16 ou máis anos que durante a semana de referencia (a anterior a aquela na que se realiza a entrevista) estiveron sen traballo, están dispoñibles para traballar no prazo das dúas semanas seguintes á semana de referencia e estiveron buscando activamente emprego durante as catro semanas precedentes (período de catro semanas que remata ao final da semana de referencia). Considéranse tamén persoas paradas as que atoparon un traballo e empezaron a traballar nun período de tres meses como máximo».

No cadro 14 recollemos a evolución da poboación parada segundo o sexo.

Cadro n.º 14. POBOACIÓN PARADA SEGUNDO O SEXO

	MULLERES	HOMES	TOTAL
2005	74.100	50.700	124.800
2006	65.000	42.800	107.800
2007	57.500	41.200	98.700
2008	61.000	53.700	114.700
2009	82.100	83.800	165.900
2008 III T.	61.600	50.900	112.400
2008 IV T.	65.700	63.300	129.000
2009 I T.	80.700	81.900	162.700
2009 II T.	83.300	87.100	170.400
2009 III T.	80.100	82.100	162.200
2009 IV T.	84.300	84.100	168.400

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

Segundo os datos do cadro 14, o desemprego baixou en Galicia entre os anos 2005 e 2007 nun 21%, correspondendo o maior descenso ao paro feminino, que se reduce nun 22% fronte ao 19% do paro masculino. O paro baixou máis entre as mulleres que entre os homes pero, con todo, o paro feminino segue sendo superior ao masculino.

O paro comeza a medrar en Galicia no segundo trimestre de 2008, e a medida que foi avanzando a crise foise intensificando o ritmo anual do aumento do paro, acadándose o maior volume no segundo trimestre de 2009 (170.400 persoas). De aí en diante, foise atenuando a suba. Cómpre destacar que o maior incremento do paro concentrouse no cuarto trimestre de 2008 e no primeiro trimestre de 2009, ao aumentar en máis de 50.000 persoas en só seis meses.

O paro feminino tamén leva aumentando dende comezos de 2008, e o maior incremento concéntrase no primeiro trimestre de 2009, ao incrementarse o número de mulleres paradas en 15.000, o 23% das existentes no trimestre anterior. A cifra máis elevada de mulleres paradas acádase no último trimestre de 2009 (84.300).

O aumento do paro afectou máis aos homes que ás mulleres; de feito, nos tres primeiros trimestres de 2009, había máis homes parados que mulleres. Non obstante, o dato do cuarto trimestre de 2009 indica un crecemento

maior do paro entre as mulleres que entre os homes: o paro feminino aumenta nun 5%, mentres que o masculino o fai nun 2%. Como consecuencia, no dito trimestre o paro feminino supera o masculino.

A continuación analizamos a evolución do paro feminino segundo os datos que recollemos no cadro 15.

Cadro n.º 15. EVOLUCIÓN DO PARO FEMININO SEGUNDO A IDADE

	16 A 19	20 A 24	25 A 34	35 A 44	45 A 54	55 E MÁIS	TOTAL
2005	3.600	12.400	26.000	17.900	8.900	5.300	74.100
2006	2.200	10.000	22.700	17.000	9.000	4.000	65.000
2007	2.100	7.600	21.000	14.600	8.300	3.800	57.500
2008	2.900	8.600	20.000	14.500	10.100	5.000	61.000
2009	2.700	11.400	28.100	20.700	13.300	5.900	82.100
2008 III T.	4.900	10.600	16.900	13.800	11.600	3.800	61.600
2008 IV T.	3.100	8.600	20.700	17.600	10.400	5.400	65.700
2009 I T.	2.400	9.400	28.900	21.100	13.000	5.900	80.700
2009 II T.	2.400	10.100	28.000	23.600	13.600	5.500	83.300
2009 III T.	3.600	13.300	26.200	17.900	12.100	6.900	80.100
2009 IV T.	2.200	12.900	29.400	20.000	14.400	5.300	84.300

Fonte: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

Como se comproba no cadro, o paro feminino concéntrase nos tramos de idade centrais (entre os 25 e 34 anos e no de 35 e 44 anos).

O descenso do paro feminino entre os anos 2005 e 2007 trasládase a todos os grupos de idade. A baixada máis acusada dáse entre as menores de 25 anos, mentres que a menor se produce no tramo de entre 45 e 54 anos.

Dende o terceiro trimestre de 2008, o desemprego feminino baixou no tramo de entre 16 e 19 anos e aumentou nos restantes grupos de idade, especialmente no de entre 25 e 34 anos.

Para rematar, analizamos a evolución do paro feminino segundo o nivel de formación. Os datos tomámoslos do cadro 16.

CADRO N.º 16. EVOLUCIÓN DO PARO FEMININO SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN

	1	2	3	4	TOTAL
2005	8.200	21.500	18.400	25.900	74.100
2006	7.900	19.500	16.400	21.300	65.000
2007	8.900	17.600	15.300	15.800	57.500
2008	7.500	21.700	13.300	18.400	61.000

	1	2	3	4	TOTAL
2009	8.200	33.900	17.900	22.100	82.100
2008 III T.	7.700	23.500	12.400	18.000	61.600
2008 IV T.	7.900	22.700	17.300	17.700	65.700
2009 I T.	9.300	32.000	16.200	23.200	80.700
2009 II T.	8.800	33.600	18.700	22.200	83.300
2009 III T.	7.100	34.400	17.000	21.400	80.100
2009 IV T.	7.700	35.500	19.700	21.300	84.300

FONTE: Elaboración propia sobre datos da EPA. Series anuais e trimestrais.

1. Persoas sen estudos e educación primaria
2. Educación secundaria. Primeira etapa
3. Educación secundaria. Segunda etapa
4. Educación superior

No tocante ao paro segundo o nivel de formación, os datos do cadro 16 reflicten que a medida que avanza a crise a suba do paro afecta a todas as mulleres, independentemente do seu nivel académico.

Se comparamos os datos de 2008 cos do ano anterior, comprobamos que o paro medra entre as mulleres que teñen educación secundaria de primeira etapa e entre as que teñen estudos superiores, mentres que nos restantes niveis diminúe. Pola contra, no ano 2009 o aumento do paro trasládase a todas as mulleres sexa cal sexa o seu nivel de formación.

ÚLTIMAS PUBLICACIONES DO GABINETE ECONÓMICO DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA

- 113. A sinistralidade laboral en Galicia no ano 2005. Abril de 2006
- 114. O sistema público de pensións en Galicia. Xuño de 2006
- 115. Galicia nos Orzamentos Xerais do Estado. Xaneiro de 2007
- 117. As mulleres no mercado laboral galego. Marzo de 2007
- 118. Aproximación aos custos económicos da sinistralidade laboral en Galicia. Abril de 2007
- 119. A problemática da vivenda en Galicia. Agosto de 2007
- 120. Os orzamentos xerais do estado 2008 e a súa repercusión en Galicia. Outubro de 2007
- 121. Orzamentos autonómicos 2008. Decembro de 2007
- 122. O mercado laboral galego desde unha perspectiva de xénero. Marzo de 2008
- 123. O emprego no último ano. Xullo de 2008
- 124. Os orzamentos xerais do estado 2009 e a súa repercusión en Galicia. Outubro de 2008
- 125. Muller: emprego e salario. Marzo de 2009
- 126. Os orzamentos xerais do estado 2010 e a súa repercusión en Galicia. Novembro de 2009
- 127. Orzamentos autonómicos 2010. Novembro de 2009
- 128. As propostas de CCOO ante a crise económica. Xaneiro de 2010
- 129. As repercusións a crise económica no mercado laboral. Xaneiro de 2010